



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PADERNE

Aprobación definitiva do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Paderne

ANUNCIO

Con data do 28.09.2022, o Pleno do Concello de Paderne en sesión extraordinaria, aprobou inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello.

O Plan foi exposto ao público por un prazo de 20 días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, BOP nº 190 do 05.10.2022, para que os interesados presentaran as alegacións que consideraran oportunas.

Rematado dito prazo consta no expediente administrativo a presentación dunha alegación da cal deuse traslado á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural para emisión de informe que consta asinado o 22/11/2022, sendo favorable ao Plan inicialmente aprobado.

Polo Pleno do Concello de Paderne, na sesión extraordinaria celebrada o día 22 de decembro de 2022 aprobouse definitivamente o Plan Municipal de Prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Paderne desestimando a única alegación presentada.

O documento aprobado definitivamente poderá consultarse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Paderne.

<https://sede.concellodepaderne.es/sxc/es/informacion/>

Contra dito acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses a contar dende a publicación do anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Non obstante, con carácter previo e potestativo, poderase interpoñer recurso de reposición ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, recurso que deberá entenderse desestimado se no prazo dun mes non é notificada resolución expresa, a efectos da interposición do correspondente recurso contencioso-administrativo. Todo iso, sen prexuízo de calquera outros recursos, que se estimen oportunos exercitar.

En Paderne, a 22 de decembro de 2022

O ALCALDE

D. César Longo Queijo

2022/8220